

COUSA DE NÚMEROS

O certo é que nunca estiven moi interesada nas Matemáticas. Vaia, en realidade nunca se me deron ben. Ou polo menos iso pensaba eu ata que descubrín que estaba enganada.

Todo comezou o día do exame de Matemáticas. Eu, coma sempre, fun a última en entregar, pois non me saían os exercicios. A verdade é que me poñía nerviosa nos exames, porque sempre suspendía a materia.

-Dous exercicios en branco? Uxía, estou seguro de que podes facelo mellor - dixo o mestre ao entregarlle o exame.

Aínda fun ao día seguinte ver as notas no taboleiro, malia que xa imaxinaba a miña.

<i>Alumno</i>	<i>Nota</i>
María Fernández	7
Pablo González	5
Uxía Castro	2
Xoán Pérez	10

“Outra vez a setembro”, pensei.


Pero ese mesmo día, algo mudou. Estaba tan tranquila na miña casa cando me decatei de que alguén nunha moto estaba deixando correspondencia na caixa do correo. Baixei correndo as escaleiras pero, cando cheguei, o motorista xa marchara. Abrín a caixa de correo e atopei un sobre. Mirei o remitente, pero non traía nome. Era un anónimo. Saquei o papel que había dentro e quedei abraiada. Eran unhas instrucións:

1.Acha a área da figura.

1.1.Emprega para iso a ecuación.

2.Preséntate mañá no lecer coa

solución no salón de actos.



$$x = y^2 + xy - \frac{9}{y^3} + (4 - x)$$

Ao principio pensei que era unha broma dalgún compañeiro de clase, así que decidín non presentarme á cita. Non tiña sentido que alguén, sabedor de que suspendía Matemáticas, me mandase resolver aquilo. Pero o certo é que tiña curiosidade e resolvino. Non me levou moito tempo, ante o meu asombro.

Ao día seguinte, na clase de Matemáticas, levei unha grande sorpresa. O mestre pediunos que resolvésemos o que escribira no encerado. Era o problema do anónimo! Podía ser que o meu mestre me enviase cartas pedíndome que resolvese exercicios? Desbotei a posibilidade.

Deunos quince minutos para dar coa solución. Ao rematar o tempo, preguntou quen o dera feito. Ninguén levantou a man, así que eu tampouco, pois non era posible que o resolvese precisamente eu e os demais non. Debía irme mal.

-Uxía, poderías amosarnos o que fixeches?- dixo o mestre chiscándome un ollo. Nese intre souben que fora el o do anónimo.

Saín ao encerado, non moi segura da miña capacidade, e todos quedaron abraiados cando o mestre confirmou que a resposta era correcta.

Nese momento, soou o timbre. Cando todos os compañeiros foran ao tempo de lecer e quedei soa na clase, Xabier díxome algo que cambiaría a miña vida:

-Sempre estiven seguro de que tiñas talento para as Matemáticas, aínda que estivese oculto.

-Pero se nin sequera aprobo!

-Iso é porque te pos nerviosa nos exames pensando que non vas dar feito. Pero, a que na túa casa deches resolto o exercicio e non che levou moito tempo? Uxía, es un xenio das Matemáticas.

E así foi como, cos ánimos do meu mestre e unhas cantas infusións, me presentei a un concurso. Malia que non o gañei, que quedei de sexta, cheguei a ser unha das grandes matemáticas do meu tempo.